



## Concello do Grove

### ACTA DE PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE 3 CONDUTORES DE CAMIÓN CON CARNÉ C E CAP,- PLAN + PROVINCIA LIÑA 3

Nas instalacións Municipais sitas no Almacén Municipal, Rúa Iglesia, 21 o día 19 de maio ás 09:40 horas, co obxecto de levar a cabo o proceso de selección de 1 operario contrato de 6 meses con carné de conducir B Bases aprobadas na Xunta de Goberno Local do 27.04.2026 E segundo a Resolución da Alcaldía Decreto (2026-0301) réunese o Tribunal formado polos seguintes membros:

**Presidente:** Antonio Fontoira García, encargado de Obras do Concello do Grove.

**Secretaria:** María Dolores Ochoa Gondar, administrativa do Concello do Grove.

**Vogais:** 1º vogal: Gerardo Iglesias Bouza, operario condutor do Concello do Grove

2º vogal: Fabian Prieto González, operario do Concello do Grove

3º vogal: José Antonio Meis Otero, operario do Concello do Grove

**Asesor:** Jesús Manuel Pita Seijo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

Constituído o Tribunal cualificador na data e lugar sinalados, procédese á realización da proba tal e como establecen as bases do proceso, ao cal se presentan 4 dos/as 5 candidatos/as remitidos a través das ofertas de emprego do Servizo Público de Emprego nº 12-2026-3619, para a ocupación de Peón xardinería (ocupación 84321042)

O proceso consiste en realizar 5 probas relacionadas coas funcións específicas do posto de traballo.

Proba teórica, realizada no Salón de Plenos de Concello do Grove, Praza do Corgo, 1:

1) Explica que rutina se debe executar antes de comezar a traballar co camión: Esta proba está valorada con un máximo de 1 punto (Proba 1).

2) Indica as avarías máis frecuentes que se producen co camión: Esta proba está valorada con un máximo de 1 punto (Proba 2).

3) De qué depende a estabilidade do camión grúa? Esta proba está valorada con un máximo de 1 punto (Proba 3).

4) Que é obrigatorio facer antes de izar unha carga? . Esta proba está valorada con un máximo de 1 punto (Proba 4).

Proba práctica realizada nas instalacións Municipais sitas no Almacén Municipal, Rúa Iglesia, 21:

5) Manexo do camión: acender o camión, conducir seguindo o circuíto marcado polo Tribunal e volver a estacionalo. Esta proba está valorada con un máximo de 6 puntos (Proba 5).





## Concello do Grove

A puntuación máxima que se pode acadar nesta parte é de 10 puntos.

Para superar a proba de selección e acceder á seguinte fase, será necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos. Valórase cada unha das probas por cada membro do tribunal, calculándose posteriormente a media.

Finalizada a proba, o Tribunal Cualificador procede á cualificación provisional:

CANDIDATOS/AS	PROBA 1	PROBA 2	PROBA 3	PROBA 4	PROBA 5	TOTAL
CASAL BEA, MIGUEL	0,75	0,75	0,50	0,25	5	7,25
DOALLO SANCHEZ, JOSE	0,75	0,50	0,25	0,75	5	7,25
JUANATEY VICENTE, JOSÉ MOISÉS	0,50	0,25	0,50	0,25	3,50	5,00
PEREZ MONTERO, MANUEL MIGUEL	0,50	0,25	0,25	0,25	0	1,25

### NON PRESENTADO:

VIEIRA LOIS, CARLOS

Finalizadas as anteriores deliberacións, polo tribunal de selección adóptanse os seguintes **ACORDOS**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as puntuacións provisionais, da proba de selección dos/as candidatos/as presentados/as.

**SEGUNDO.-** Conceder aos aspirantes un prazo de 2 días hábiles para a presentación de reclamacións ou alegacións respecto da valoración provisional da proba práctica, desde a publicación na sede electrónica deste concello <http://concellodogrove.sedelectronica.gal>. e no taboleiro de anuncios.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente acta no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do Concello.

E non habendo máis asuntos dos que tratar, polo presidente, levantouse a sesión sendo as 11:05 h., estendéndose posteriormente a presente acta, de todo o que, como secretaria do Tribunal dou fe.

Documento asinado electronicamente.

